



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Paula Ares Otero, Secretaria-Interventora do Concello de Lousame (A Coruña) do que é Alcaldesa M^a Teresa Villaverde Pais

CERTIFICA: Que o **Pleno Corporativo**, na **sesión extraordinaria** que tivo lugar o día **20 de xuño do 2025**, adoptou o seguinte **acordo**, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias:

4.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 17/2025 (2025/T002/000017)

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP) e cinco (5) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

1

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos:

Antecedentes administrativos:

Primeiro: Existe unha serie de investimentos no Orzamento definitivo do 2025, cuxo financiamento é compartido entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lousame, nos que o crédito relativo á achega municipal, non foi consignado no Orzamento:

AG	Econ.	Investimento	Importe	Concello	Xunta
1532	61900	Pista de Fruime a Silvarredonda. Anualidade 2025	37.836,27	6.566,63	31.269,64
1532	61900	Acceso a Valdueira (Berrimes)	48.399,37	14.519,81	33.879,56
160	60900	Saneamento en Gandarela	33.431,25	6.686,25	26.745,00
333	63200	Equipamento cultural CT211B	13.009,00	1.300,90	11.708,10
TOTAIS			132.675,89	29.073,59	103.602,30

Segundo: O obxecto da presente modificación orzamentaria é dotar a achega municipal deses investimentos, por importe de 29.073,59 €, grazas a baixas en aplicacións orzamentarias do capítulo 1 do Estado de Gastos do Orzamento definitivo 2025.

Terceiro: Por Providencia da Alcaldía incóase o procedemento para tramitar a MC 17/2025, modalidade Suplemento de Crédito.

Cuarto: A Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 21 de abril.

Quinto: A Secretaría-Intervención emite os seus informes núm. 106 e 107 do 13/06/2025.



Fundamentación xurídica:

Primeiro: Neste expediente de modificación orzamentaria 17/2025, modalidade suplemento de crédito, vaise dotar o crédito necesario para afrontar a achega municipal do ano 2025 que lle corresponde asumir ao Concello, nos seguintes investimentos:

Investimento	Importe	Concello	Xunta
Pista de Fruime a Silvarredonda. Anualidade 2025	37.836,27	6.566,63	31.269,64
Acceso a Valdueira (Berrimes)	48.399,37	14.519,81	33.879,56
Saneamento en Gandarela	33.431,25	6.686,25	26.745,00
Equipamento cultural CT211B	13.009,00	1.300,90	11.708,10

Segundo: As aplicacións orzamentarias nas que se suplementa o crédito específico son as seguintes:

AG	Económica	Proxecto de Gasto	Investimento	CI Orzamento definitivo 2025	SC 17/25	CD Orzamento definitivo 2025
1532	61900	Pendente de asignar	Pista de Fruime a Silvarredonda. Anualidade 2025	31.269,64	6.566,63	37.836,27
1532	61900	Pendente de asignar	Acceso a Valdueira (Berrimes)	33.879,56	14.519,81	48.399,37
160	60900	Pendente de asignar	Saneamento en Gandarela	26.745,00	6.686,25	33.431,25
333	63200	Pendente de asignar	Equipamento cultural CT211B	11.708,10	1.300,90	13.009,00
Totais				103.602,30	29.073,59	132.675,89

Terceiro: A modificación de crédito **17/2025** será financiada coa anulación ou baixa de créditos de gastos doutras partidas do Orzamento definitivo 2025, non comprometidas, e que se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo, de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril:

920.12003	10.000,00
920.16000	5.000,00
450.13000	10.000,00
450.13002	4.073,59
Total	29.073,59

Estas aplicacións estímanse reducibles, ao tratarse de prazas vacantes cuxa cobertura definitiva, de ter lugar neste ano 2025 (posto que aínda non están convocados os procesos selectivos), produciríase a finais do exercicio; tendo en conta o momento temporal no que nos atopamos.

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, nos artigos 35 e ss. do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da Lei de facendas locais, reguladores dos créditos extraordinarios, e o artigo 21.1 apartados f) e s) da Lei de bases do réxime local; este **Pleno Corporativo do Concello de Lousame, ACORDA:**

PRIMEIRO: A aprobación inicial da modificación de crédito núm. **17/2025**, mediante a que se dotará crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan no seguinte cadro, financiando tal modificación coa anulación ou baixa de créditos doutras partidas, por importe de **29.073,59 €**:



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Núm. expediente de MC por Suplemento de Crédito	17 / 2025
Importe da modificación orzamentaria	29.073,59€
Tipo de financiamento	Baixa de créditos de gastos doutras partidas: 920.12003: 10.000,00 € 920.16000: 5.000,00 € 450.13000: 10.000,00 € 450.13002: 4.073,59 €
Aplicacións orzamentarias nas que se dota crédito específico e finalidade da modificación orzamentaria	1532.61900: 6.566,63 € (achega municipal Pista de Fruime a Silvarredonda) 1532.61900: 14.519,81 € (achega municipal Acceso a Valdueira) 160.60900: 6.686,25 € (achega municipal Saneamento en Gandarela) 333.63200: 1.300,90 € (achega municipal Equipamento Cultural CT211B)

SEGUNDO: Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante o prazo de 15 días hábiles, durante os cales o interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo"

E para que así conste, e aos efectos oportunos, emítese o presente, co visto e praxe da Alcaldía, en Lousame na data da sinatura dixital

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais

A Secretaria-Interventora, Paula Ares Otero